

MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP PARA CONTROLAR A PROLIFERACIÓN DAS APOSTAS EN LIÑAS, MÁQUINAS COMECARTOS DE APOSTAS DEPORTIVAS E CASAS DE XOGO NA GALIZA E PROPOSTA DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN PERANTE A LUDOMANÍA.



O Grupo Municipal **Por Chantada-CUP** presenta, ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do *Regulamento Orgánico Municipal* e 97.2 do *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* a seguinte **MOCIÓN** para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á **MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP PARA CONTROLAR A PROLIFERACIÓN DE APOSTAS EN LIÑA, MÁQUINAS COMECARTOS DE APOSTAS DEPORTIVAS E CASAS DE XOGO NA GALIZA E PROPOSTA DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN PERANTE A LUDOMANÍA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

(...) Proteger uma população financeiramente desesperada da invasão de máquinas de jogo com que o anterior governo se comprometera. (...) A seguir debatemos a grande praga que ia cair sobre os nossos cidadãos mais desfavorecidos: os cerca de 16 mil terminais de videolotaria que a empresa de lotaria nacional privatizada, OPAP, obtivera licença para introduzir em toda a Grécia. Uma população arrasada pela pobreza e a perda de rendimento, imersa numa profunda depressão psicológica e económica, ia ser espremida até ao tutano. Levar-lhe-iam o último centavo que restasse nos bolsos, através da instalação massificada de máquinas de jogo. Era-me difícil imaginar política mais vil com apoio de um Estado civilizado.

De inicio cheguei a ponderar a idea de rescindir a licenza. O problema era que a OPAP iria litigar e, provabelmente, ganhar, o que custaria ao Estado dinheiro que non tinha. Mais havia outra maneira. (...) Dado que non podiamos eliminar o virus, teriamos que o regular. Ocorreram-se-me dous restricoes: unha era a perda maxima diaria por persoa (un limite de 60 euros parecia razoavel); a outra era a obrigacion de inserir na maquina o numero de contribuinte, o que desincentivava quem non quisesse deixar registo oficial de que jogava, excluia jogadores menores e garantia que era posible tributar os ganhos, segundo a legislacion existente.

Yanis Varoufakis (2017): *Comportem-se como adultos. A minha luta contra o establishment da Europa*, Lisboa: Marcador, pp. 174-176.

A citacion anterior, demasiado elocuente para poupar na súa extension, relata a loita de Varoufakis, ministro das Finanzas grego entre 27 de xaneiro e 6 de xullo de 2015, contra a epidemia de apostas que pairaba sobre a Grecia, dados os acordos do Goberno da Nova Democracia coa *Troika* (a Comision europea, o BCE e o FMI). Precisamente, as suas medidas a prol do pobo neste eido foron abolidas pouco despois da súa saida do ministerio.

Dun tempo a esta parte, proliferaron na Galiza anuncios coma nunca dos *mass media* sobre as casas de apostas en liña, asi como maquinas comecartos centradas nas apostas deportivas (moitas delas a caron dos centros de ensino). Avanzase nun sistema de xogo moito mais aditivo, sen pausas, con bonos para captar novos clientes e, sobretudo, cunha publicidade agresiva que representa xusto os valores contrarios as formas mais tradicionais e pausadas de apostar, como a lotaria de Nadal, a quiniela, a Primitiva ou os cupons da ONCE. As consecuencias estan sendo devastadoras¹.

As galegas e os galegos perderon 28 millóns de euros nas salas e maquinas de apostas no ano 2016 (ultimos datos dispoñibles, ofrecidos polo Ministerio de Facenda). En concreto, xogaron uns 134 millóns de euros e obtiveron uns premios duns 106 millóns. **Nestes datos non entran os cartos apostados a través da Internet, que nese ano 2016 se elevaran até os**

¹ “Las casas de apuestas cuadruplican los ludópatas: 17.735 adictos vetados en Madrid” in *El Confidencial*, 11/09/2018. Dispoñibel en https://www.elconfidencial.com/espana/2018-09-11/ludopatas-registro-madrid-disparacrecimiento_1612834/ (ultima consulta 22/07/2019).

11.000 millóns de euros en todo o Estado Español². Calcúlase que **só no ano 2017 as apostas deportivas** no Reino de España **supuxeron uns ingresos para estas empresas de 742 millóns de euros** (a diferenza entre os cartos xogados e os gañados), unha cifra que duplica os datos de 2013.

O 15 de maio de 2019 a Xunta da Galiza comunicaba que ía pór couto á apertura de novos establecementos perante as presións cidadás³. No entanto, esta medida é apenas temporal e limítase a 9 meses. **En xaneiro de 2019 eran 136 as casas de apostas abertas no noso país**, sobretudo na Cruña (24) e Vigo (22), e con cifras importantes igualmente en Ourense (10), Compostela (7), Pontevedra (6), Lugo (6) e Ferrol (5). Aos case 160 salóns de apostas en funcionamento ou en trámite na Galiza hai que somarlle a existencia de **3.171 terminais en locais de hostalaría** e outros 682 nas propias tendas e salóns de apostas (dados de xaneiro de 2019). Desas 3.853 máquinas, a maior parte localízanse nas provincias da Cruña (1.390) e Pontevedra (1.321); detrás aparece Ourense (665) e Lugo (477).

O regulamento de apostas aprobado pola Xunta no ano 2012 fixaba un número máximo de 2000 máquinas de apostas en bares e cafetarías. Porén, no ano 2017, o Goberno galego elevou incomprensibelmente ese límite até as 3.600 máquinas, unha cifra que está preto de acadarse.

Nos vindeiros meses a Galiza contará cunha **nova Lei do Xogo**, na que debe manterse esta limitación, que substituirá a actual lexislación galega de 1985. Porén, cómpre facer un exercicio de memoria, xa que a *Lei do Xogo* do 1985, actualmente aínda en vigor, acabou supoñendo hai tres décadas a condena do daquela vicepresidente popular da Xunta, Xosé Luís Barreiro⁴. Así as cousas, coñecido o *Anteproxecto* desta lei é aínda moito insuficiente⁵.

2 “A expansión das casas de apostas en Galicia obriga á Xunta a poñer couto á apertura de máis establecementos” in *Praza Pública*, 15/05/2019. Dispoñíbel en: <https://praza.gal/acontece/a-expansion-das-casas-de-apostas-en-galicia-obriga-a-xunta-a-poner-couto-a-apertura-de-mais-establecementos> (última consulta 21/07/2019).

3 “A veciñanza de Navia incrementa a mobilización contra a casa de apostas aberta neste barrio vigués” in *Praza Pública*, 18/04/2019. Dispoñíbel en <https://praza.gal/acontece/a-vecinanza-de-navia-incrementa-a-mobilizacion-contra-a-casa-de-apostas-aberta-neste-barrio-vigues> (última consulta 20/07/2019).

4 “A Xunta non quere que se especule coa nova lei do Xogo: Así acabou condenado o seu vicepresidente coa de 1985” in *Praza Pública*, 16/05/2019. Dispoñíbel en <https://praza.gal/politica/a-xunta-non-quere-que-se-especule-coa-nova-lei-do-xogo-asi-acabou-condenado-o-seu-vicepresidente-coa-de-1985> (última consulta 21/07/2019).

5 O anteproxecto da nova Lei do xogo pode consultarse na seguinte ligazón: https://pt.scribd.com/document/412254255/Anteproxecto-da-lei-do-xogo#download&from_embed . O texto non

No entanto, non só é suficiente con deter a proliferación. Por exemplo, a lei podería **prohibirle ás casas de apostas que ofrezan bonos de benvida** para captar clientes; **estabelecer limitacións nos terminais de apostas instalados nos bares** e nos que o control do acceso de menores de idade é mínimo na actualidade, por exemplo, **obrigando a inserir o DI electrónico e cun mecanismo semellante ao das máquinas de tabaco**; por último, **a publicidade debe prohibirse en todos os medios, tamén nos escritos**. Tampouco valen de nada os 300 metros aos centros escolares se non se aplican ás máquinas comecartos de apostas dos bares.

Neste sentido é mester que as institucións cumpran a **Recomendación de 2014 para protección dos consumidores e usuarios de servizos de xogos en liña e a prevención do xogo entre os menores**⁶. A recomendación incluía medidas para controlar o acceso das persoas menores de idade, esixía regulacións máis estritas para a súa publicidade, que debe alertar dos riscos que acompañan á actividade do xogo de apostas. Así mesmo, incídese na necesidade de pór en marcha iniciativas de educación e sensibilización.

Nos últimos meses disparouse a apertura de salas de apostas nas cidades e vilas galegas. Amais, na Galiza é moi habitual a instalación de máquinas individuais de apostas en bares e cafetarías, cuxo número incrementouse en 30% só en Vigo no último ano. Entidades como a *Asociación Galega de Xogadores de Azar* (AGAJA⁷) alertan de que **estes terminais dos bares, como os que temos en Chantada⁸, son neste momento tanto ou máis perigosos que os propios salón, pola súa extensión, accesibilidade e pola falta de controis. O 30% dos mozos entre 14 e 17 anos reconece que apostou algunha vez e calcúlase que o 2% da**

recolle, por exemplo, nengunha das alegacións formuladas por AGAJA.

6 *Recomendación da Comisión de 14 de xullo de 2014 relativa a principios para a protección dos consumidores e os utentes de servizos de xogo en liña e a prevención do xogo en liña entre menores* (2014/478/UE). Dispoñíbel en <https://www.boe.es/doue/2014/214/L00038-00046.pdf> (última consulta 23/07/2019).

7 Pode accederse ao site de AGAJA na seguinte ligazón: <https://agaja.org/> (última consulta 21/7/2019).

8 Monforte de Lemos conta na actualidade con dúas salas e tendas de apostas e Ourense con dez. En Chantada existen varias máquinas, algunhas a poucos metros dos institutos e colexios.

poboación pode desenvolver unha adicción ao xogo, e esta porcentaxe seguramente pode ser maior nesas idades⁹.

Lembramos que o xogo patolóxico é un trastorno que figura entre as adiccións de tipo comportamental nas clasificacións médicas e psicolóxicas. Consiste na perda do control do comportamento en relación ao xogo, que se caracteriza por ter graves consecuencias para as persoas en diferentes planos: académico, laboral, económico, social e até legais.

Diferentes estudos identifican entre os principais alvos a mocidade e desempregados, así pois, é tentada fundamentalmente a clase traballadora, atinxida pola precariedade, para que arrisque as súas rendas. **Non é extraño, deste xeito, que sexan os bairros e localidades onde menos renda hai onde máis proliferen as casas de apostas e as máquinas comecartos.**

Tampouco é ético nen lóxico que sexa o conxunto da sociedade o que debe socializar os custos íntegros do tratamento das persoas que sofren ludomanía, encanto as casas de apostas aumentan de día para día os seus beneficios. Máis unha vez, **estamos perante a perversa lóxica ultraliberal: privatizar os gaños, socializar as perdas. É de xustiza, alén dunha estrita regulamentación, aumentar a contribución que os beneficios destas empresas teñen que facer ao conxunto da sociedade aumentándolles a carga fiscal.** Falamos dunha necesaria severa suba de impostos para as multinacionais que controlan estas empresas de apostas, habitualmente en maos dos denominados "fondos voitres", e a prohibición de anuncios ao nivel do tabaco ou do alcohol.

Desta arte, **desde Por Chantada-CUP, denunciemos un problema social de primeira orde no que todo o mundo mira cara a outro lado.** Formulamos nesta moción unha serie de medidas, a nivel municipal e supramunicipal para pór freo a esta problemática. Dunha banda, entendemos que é preciso prohibir a publicidade destes locais e frear en seco a súa expansión através das ordenanzas ou as normas urbanísticas; tamén son importantes as medidas de prevención perante a ludomanía; e, por último,

9 "As apostas normalizáronse como unha forma de ocio máis dos nosos rapaces" in *Praza Pública*, 08/01/2019. Dispoñíbel en <https://praza.gal/acontece/as-apostas-normalizaronse-como-unha-forma-de-ocio-mais-dos-nosos-rapaces> (última consulta 21/07/2019).

formulamos unha serie de proposta a nivel fiscal para gravar a actividade das casas de apostas e do xogo en liña.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de **POR CHANTADA-CUP** propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar ao Goberno do Estado a:

1.1.- Reformar a *Lei Xeral da Comunicación Audiovisual* e a *Lei Xeral de Publicidade* para que regule a publicidade das Casas de Aposta e prohiba que estas empresas podan publicitarse para facer efectiva a protección do público infantil e xuvenil e impulsar o *Real Decreto de Comunicacions Comerciais das Actividades de Xogo e de Xogo Responsábel* co obxectivo de restrinxir a publicidade para xogos e apostas en liña.

1.2.- Aumentar fortemente o tipo aplicábel no Imposto sobre Actividades do Xogo para as casas de apostas e do xogo en liña.

2.- Instar á Xunta da Galiza a que inclúa na nova *Lei do Xogo* os seguintes aspectos:

2.1.- Igual que pasa co gremio de tabacaleiras e farmacias, limite a apertura das casas de apostas físicas mediante o establecemento dun mínimo de separación ou por núcleos de poboación, para frear así a súa expansión.

2.2.- Facer extensíbel a restrición de metros aos centros educativos ás máquinas de apostas deportivas dos bares, así como incluír as áreas de lecer da mocidade.

2.3.- A obrigar o uso do DI electrónico para poder apostar tanto en liña, canto nos terminais físicos.

2.4.- Prohibir os terminais de apostas deportivas en salóns de xogo, bingos e casinos.

2.5.- Prohibir a publicidade sobre apostas en calquera medio, tamén nos escritos.

3.- Instar ao Goberno local a que desenvolva as seguintes medidas:

3.1.- Estudar a revisión das ordenanzas e mais do PXOU e do PXOM, este último en tramitación, para inserir limitacións urbanísticas á implantación de locais de apostas nas inmediacións de espazos frecuentados pola infancia, a adolescencia e a mocidade, como os centros educativos, culturais, deportivos ou xuvenís.

3.2.- Crear unha taxa específica, mediante a ordenanza fiscal correspondente, por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, que teña que ser abonada polos establecementos que instalen pantallas ou outro tipo de dispositivos para desenvolver a súa actividade empresarial con fronte directo á vía pública ou en liñas de fachada.

3.3.- Regular através da *Ordenanza de Publicidade* a eliminación de calquera cartelaría do mobiliario urbano ou do espazo público deste tipo de establecementos, cinguíndose exclusivamente aos cartaces do propio local incluíndo unicamente o nome e sen ningún tipo de publicidade.

3.3.- Realizar actividades informativas nos centros escolares para afondar no uso que fai a mocidade dos xogos en liña e das apostas e nos posíbeis problemas derivados deste uso e a que poña en marcha modelos de lecer e espazos de socialización

xeridos directamente pola mocidade, onde podan desenvolver un lecer san, que potencia o coñecemento, o deporte e as artes.

3.4.- Reforzar a formación da Policía Local de modo que se familiaricen coas infraccións máis habituais relacionadas coas apostas e o xogo, particularmente no acceso de menores de idade, persoas incapacitadas legais e persoas co acceso ao xogo totalmente restrinxido.

3.5.- Solicitar colaboración ás equipas locais de fútbol e baloncesto e aos seus xogadores para que non se identifique o deporte coas apostas, pondo en marcha campañas de concienciación e non asinando convenios de colaboración nen patrocinar a entidades deportivas que fagan publicidade das casas de apostas.

4.- Instar ao Goberno central e á Xunta da Galiza a cumprir a *Recomendación de 2014 para protección dos consumidores e usuarios de servizos de xogos en liña e a prevención do xogo entre os menores*, nomeadamente no que atinxe á formulación de medidas para controlar o acceso das persoas menores de idade; regulacións máis estritas para a súa publicidade, que debe alertar dos riscos que acompañan á actividade do xogo de apostas; e pór en marcha iniciativas de educación e sensibilización.

Asinado polo voceiro municipal de Por Chantada-CUP, na véspera do Día Nacional da Galiza.

Chantada, 24 de xullo de 2019.